

Sara Marconi

A vestimenta nova do emperador

Ilustracións: David Pintor



*Para Ada e Cristina, a súa tea tamén é invisible coma a dos malandríns.
E, porén, marca a diferenza.*
Sarah

A miña filla Nara. para que cando sexa maior diga o que pensa.
David

Podes consultar o noso catálogo en www.picarona.net

A VESTIMENTA NOVA DO EMPERADOR
Texto: *Sara Marconi & David Pintor*
Ilustracións: *David Pintor*

1.a edición: marzo do 2023

Título orixinal: *I vestiti nuovi dell'imperatore*

Tradución e corrección: *Silvia Obelleiro*
Maquetaxe: *El Taller del Llibre, S. L.*

© 2019, Edizioni Lapis, Roma, Italia
www.edizionilapis.it
(Reservados todos os dereitos)

2022, Ediciones Obelisco, S. L.
www.edicionesobelico.com
(Reservados todos os dereitos para a lingua galega)

Edita: Picarona, selo infantil de Ediciones Obelisco, S. L.
Collita, 23-25. Pol. Ind. Molí de la Bastida
08191 Rubí - Barcelona - España
Tel. 93 309 85 25
E-mail: picarona@picarona.net

ISBN: 978-84-9145-649-0
Depósito Legal: B-2.007-2023

Printed in Spain

Todos os dereitos reservados. Ningunha parte desta publicación, incluído o deseño da cuberta, pode ser reproducida, almacenada, transmitida ou utilizada en maneira algunha por ningún medio, xa sexa electrónico, químico, mecánico, óptico, de gravación, o electrográfico, sen o previo consentimento por escrito do editor.
Dirixete a Cedro (Centro español de Dereitos Reprográfico, www.cedro.org) se necesitas fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.



Había unha vez un emperador moi rico e poderoso que tiña fragas e palacios, exércitos e serventes, teatros e músicos. Estas cousas, non obstante, non lle interesaban en absoluto: aburríase no teatro, cansouse de cazar, e distraíase nos concertos. A única cousa que realmente lle gustaba era gabarse con vestimentas novas.



«Que garboso son!» pensaba mirándose no espello.

Que seda tan lustrosa e preciosa! –repetíase camiñando pola rúa seguido dunha procesión de damas e mandatarios.


Que perlas fermosas coseron no meu manto, e que veludo tan suave, e que fulgor ten esta chaqueta tecida en ouro! –agregaba cando os fieis saían das súas casas para admiralo.

Por esta razón, o seu roupeiro era tan grande como o máis grande dos seus salón, e a súa roupa superaba en número as aves que anidaban no seu castelo.

Ser o máis elegante de todos facíao feliz.







Un día chegaron ao castelo do emperador
dous viaxeiros moi pimpantes.

Dixeron que eran grandes tecedores, dos mellores
do mundo: non só eran capaces de crear teas con
deseños marabillosos e cores nunca vistos, senón que
ademáis a súa tea era máxica, porque podía expoñer aos
necios e impostores, que non poderían vela,
Era, por exemplo, o cociñeiro da corte, pero en
realidade só sabía preparar un caldo sen sabor?

Non podías ver a tea

Gañaches o primeiro premio de poesía só porque o xurado
errou co nome do gañador?

Non podías ver a tea.

